

Chove! Unha nova aventura de Miñooca

 XERAIS



Título:

Chove! Unha nova aventura de Miñooca

Autor:

Ramón D. Veiga

Ilustrador:

Ivan R.

Colección:

Merlín Cómics

Nº páxinas:

56

ISBN:

978-84-1110-483-8

O autor



Ramón D. Veiga. Licenciado en Filoloxía Hispánica, traballa no eido da edición. Ten publicados os seguintes títulos para o público infantil: *Violeta quere ser vampiro. Un Conto do Samáin* (Xerais, 2017), *É tempo de Entroido!* (Xerais, 2018), *A araña que lles tiña medo ás arañas* (Xerais, 2019), *Meigas fóra!* (Xerais, 2020), *Non pare a festa* (Xerais, 2021), *De festa en festa* (2022), *Gloria* (2023), *Inventario de bruxas da avoa Maruxa* (2023), *Violeta ás agachadas* (Xerais, 2023), *Maios e desmaios* (Xerais, 2025) e *Vigo pequeno* (Xerais, 2026). Tamén é autor das series *Miñoa* (Xerais, 2021/2022/2023/2024) e *Fani e Dani* (2023/2024), e colaborou no volume colectivo *Era outra vez* (2022) coa adaptación do conto de Óscar Wilde *O xigante egoísta*. En 2021 gañou o Premio Arume de Poesía para a Infancia con *Violeta Paraphuie e outras historias de xente pouco corrente* (2022) (Selección OEPLI, 2022 / Premio Frei Martín Sarmiento, 2024); en 2022, o XV Premio El Príncipe Preguntón de Poesía para Niños con *O delirante restaurante de Héitor Mórtimer e a súa clientela aberrante* (2023); en 2023, o Premio Anisia Miranda de Teatro para a Infancia con *Medo me dá!* (2024) (Selección OEPLI, 2024) e en 2025 o I Certame Literario Jaime Olmedo Limeses con *Pernascochas* (2025). Publicou os contos en liña *#EuQuedoNaCasa* (2020), sobre o confinamento provocado pola covid-19; *Bombas de chocolate* (2022), sobre a guerra de Ucraína e *Sucedeu en Samede*, sobre a celebración do Entroido nesta localidade (2024). Para o público adulto publicou *Zoom* (Xerais, 2022) e a plaquette *Casa pequena* (2025), que acadou o terceiro premio no Certame Internacional de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro de Cornellà. Parte da súa obra está traducida ao catalán e ao castelán.

Resumo argumental

Miñoa vai arrastrándose polo chan un día de chuvia, mais decátase de que non hai ninguén. Todo o mundo está na casa. Entón decide buscar alguén que queira ir dar unha volta con ela. Achégase á pizzería de Coello, pero este non quere saír, ten que traballar e devece por pasar o día esterricado no sofá. Miñoa vai entón onda Pega, pero esta dille que tamén ten traballo no repartimento e que, ademais, odia que se lle mollen as plumas. Miñoa diríxese entón á casa de Ourizo, pero a Ourizo tampouco lle presta a chuvia: ten medo de que a súa tobeira se asolague. Decepcionada, Miñoa continúa arrastrándose e, de súpeto, unha pomba pasa voando sen ter reparos en andar baixo a chuvia, pero cando pasa por riba bóttalle unha cagada, e isto non lle gusta nada a Miñoa. Finalmente, Miñoa atopa a Lesma e descobre que por fin deu con alguén a quen lle gusta a chuvia tanto como a ela.

Temas e valores

A afinidade no infrecuente

Miñoa pensa que non vai atopar ninguén co seu mesmo gusto pola chuvia, mais, tras moito probar, comproba que sempre hai alguén co que coincidir, mesmo nas afeccións menos frecuentes.

A tenrura, absurdo e humor

A historia bascula entre o absurdo e o tenro dun xeito cheo de comicidade.

Menos é máis

A virtude do cómic é que consegue crear un pequeno universo cunha historia moi sinxela e un estilo de debuxo minimalista, pero moi expresivo.

Actividades

Antes da lectura

- Cada alumno imita o corpo, os movementos e os sons dun animal. O resto do grupo tenta adiviñar de que animal se trata.
- O profesorado propón unha pregunta aberta: "Que cousas vos gusta facer cando chove?". O alumnado responde oralmente e ponse énfase nas respostas que resultaron máis peculiares ou infrecuentes.

Despois da lectura

- Comentar na clase os pros e contras de ter gustos semellantes aos da maioría e telos moi diferentes.
- Pedir voluntarios para contar chistes á clase. Finalmente, escolle ao alumno ou alumna máis gracioso.

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Relaciona cada personaxe coa súa actitude ante a chuvia. Explica coas túas palabras como se sente cada un e por que.

Miñoa

Coello

Pega

Ourizo _____

Lesma _____

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que aparezan estas palabras relacionadas coa historia de *Chove!*

Chuvia

Soidade

Decepción

Alegría

3. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que aparezan estas palabras relacionadas coa historia de *Chove!*

- Traballo*
- Medo*
- Risa*
- Sol*

4. Inventa unha breve escena de catro viñetas na que Miñooca fale cun animal diferente. Describe o que se vería en cada unha das viñetas e como se resolvería a cuestión de se lle gusta ou non a chuvia. Como remata a escena?

Primeira viñeta _____

Segunda viñeta _____

Terceira viñeta _____

Cuarta viñeta _____

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Explica coas túas palabras esta idea presente no libro. Estás de acordo coa afirmación? Por que?

4. Ordena de 1 ao 6 estes momentos segundo aparecen no conto.

- Miñoa fálalle á lesma da guillotina
- Ourizo dille a Miñoa que lle dá medo a chuvia
- Sae o sol e todos os animais saen fóra
- Coello dille a Miñoa que prefire pasar a tarde estomballado no sofá
- Miñoa di "Oliiii!", pero ninguén contesta
- A pomba cágalle enriba a Miñoa


5. Por que Miñoa e Lesma necesitan ter o corpo húmido?

3. Fai unha valoración persoal da obra.

Puntuación (0-10) _____

Que foi o que máis che gustou? (Explica por que) _____

Que foi o que menos che gustou? (Explica por que) _____



Pedidos a

dpino@cga.es

XERAIS

Doutor Marañón, 12

36211 Vigo

Tel: 986 214 880

xerais@xerais.gal

www.xerais.gal

 XERAIS